



nota de prensa

## **Veciñanza propón a recuperación do edificio do Matadoiro vello con cargo aos fondos do Plan Concellos**

*O proxecto que presenta Veciñanza propón “un espazo no que crear unha exposición permanente adicada a esta vinculación [de Cuntis] coa pedra, así como cos seus e coas súas protagonistas. Un centro de interpretación e musealización que nos explique a liña continua que nos leva dende os achados de Castrolandín ata os nosos días”*

Cuntis, 20 de xaneiro de 2018. Nas próximas semanas o Concello de Cuntis deberá decidir a que adica os fondos que, como cada ano, lle corresponden do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra. Este ano o noso municipio poderá dispor de máis de 929.000 € segundo anunciou o organismo provincial na súa web. Como cada ano, Saleta Fernández e Santi Martínez, representantes de Veciñanza, exoráronlle ao Alcalde Manuel Campos as propostas, ideas e proxectos nos que realizar este investimento.

Non é a primeira vez que existen iniciativas para recuperar un edificio situado nunha ubicación privilexiada como é o caso do Matadoiro vello. Xusto ao remate da rúa da Palma, no camiño que leva a Castrolandín e ao pé do Monumento de Maráns, á beira do regato da Patela; facendo de nexo entre o casco urbano e o comezo do rural cuntiense. Veciñanza propón agora a súa recuperación e a rehabilitación do entorno para adicalo á posta en valor da vinculación entre Cuntis e a pedra, converténdoo en **centro de interpretación e musealización da canteiría, da gran sonda dos canteiros cuntienses e desa parte da nosa historia que constitúe o fío que vai dende os achados de Castrolandín ata os nosos días.**

No proxecto que presenta Veciñanza outórgaselle gran importancia á localización do inmovible: “o entorno é envexable e a súa recuperación suporía un impulso para aquel enclave (...). A rúa da Palma precisa, ademais das reformas urbanísticas que supoñan unha rehumanización, un impulso que a revitalice e que ao mesmo tempo achegue espazos tan importantes – e esquecidos- como o Monte de Maráns ou a ruta que conduce a Castrolandín, un dos principais atractivos turísticos do municipio e con gran número de visitantes. A rehabilitación lúdico-pedagóxica do espazo do Matadoiro sería un complemento de inmillorable situación ao estar a escasos metros do colexio público Don Aurelio”. Arguméntase tamén a necesidade de “reivindicar esta relación [entre Cuntis, a pedra e o oficio da canteiría] e adoptar medidas para a súa posta en valor debe ser un dos sinais de identidade de Cuntis, tanto como elemento diferenciador de promoción como por orgullo da nosa historia..

Malia a decidida aposta polo proxecto, no mesmo aclárase que “as particularidades técnicas da reforma, así como as decisións a nivel arquitectónico deberán ser concibidas logo de concretar con exactitude o desenvolvemento desta idea inicial”





veciñanza

## nota de prensa

Veciñanza mantén a liña de presentar ideas e propostas de futuro. No caso da recuperación do Matadoiro vello é posible conxugar a funcionalidade e o aproveitamento dun recurso que pode converterse nun atractivo turístico coa posta en valor e recuperación do noso patrimonio. A homenaxe que merece o oficio da canteiría e todos os que o practicaron veríase colmado coa aprobación dun proxecto ambicioso como o que defende Veciñanza.

